


# A oralidade musicada

**P**ROBABLEMENTE, nunca foi tan atinado o slogan ‘Lugo, capital galega da literatura de tradición oral’ como o vai ser esta fin de semana. Dobre función. Hoxe, ás 19.00 horas no Vello Cárcere, convidamos á gala Mestra é Mestre da Memoria, títulos concedidos a Dorothé Schubarth e a Pablo Quintana, e mañá, a partir das 10.00 horas e no salón de actos da Deputación, desenvolverase a XII Xornada de Literatura Oral co tema ‘Rimas e letras da música popular. Do romanceiro tradicional ao bravú’.

Ambas actividades organizadas pola AELG, coa colaboración das áreas de Cultura do Concello e da Deputación, insisten na idea de que Lugo é cidade liberada de prexuízos e reivindica a oralidade



POR

**ANTONIO REIGOSA**

como cerna do noso ser cultural.

Distinción de Mestra para a musicóloga suíza, Dorothé Schubarth; quen, logo de pasar cinco anos, entre 1978 e 1982, percorrendo Galicia cunha gravadora, deixounos en herdanxa a mellor sistematización e transcripción, coa axuda de Antón Santamarina, do corpus das músicas de raíz do noso país, esforzo que se reflicte nos sete tomos publicados pola

Fundación Barrié en 1984 baixo o título ‘Cancioneiro Popular Galego’.

O título de Mestre concedéuselle ao músico, investigador, divulgador e editor, Pablo Quintana, un asturiano afincado desde mozo en Galicia, temporalmente en Lugo, que, ademais de editar ‘O cego andante’ en 1982, salvou da desmemoria do noso inmaterial, entre outros méritos, as coplas do cego Florencio da Fontaneira e as músicas da pandereteira Eva Castiñeira. Xusto e necesario recoñecemento a dous imprescindibles na historia e transmisión da música tradicional.

Mañá dedicamos a xornada ás letras vinculadas á música popular. Un simposio no que van intervir, por esta orde, José Luis

Forneiro, profesor da USC e un dos grandes especialistas no romanceiro galego e ibérico, e Dorothé Schubarth, que levará á palestra a relación entre texto e melodía, amais dalgunhas descubertas feitas por ela no traballo realizado entre nós hai xa 40 anos. Ambos partillarán en mesa redonda aberta sobre rimas e melodías.

A sesión da tarde ábre a Xurxo Souto, recoñecido estes días en Lánçara co premio Facer País, que nos levará da romaría á festa e da movida ao bravú, un movemento este na música popular galega que botou a andar da década dos 90 con grupos como Os Resentidos ou Os Diplomáticos de Monte Alto. E rematarán os relatorios, que non a xornada, coa intervención da lucense Branca Villares, profesora da Tradescola que ademais imparte clases de baile, canto e pandeira por centros escolares e a diversos colectivos de toda a provincia. Fa-

laranos da pegada da violencia contra as mulleres nas cantigas da Montaña luguesa.

E tras a mesa aberta que compartirán Xurxo e Branca, cerrase a xornada cunha sesión práctica a cargo, precisamente, do profesorado e alumnado da Tradescola de Lugo, un centro de formación de prestixio recoñecido polo respecto que guía o seu labor docente na transmisión de materias como gaita, requinta, zanfona, acordeón, pandeireta, lingua xe musical ou canto.

Se desexa asistir a calquera destes actos ou aos dous, pode facelo libremente. Se desexa que lle conste no currículo a súa presenza na xornada do sábado debe inscribirse, ben a través da AELG (aelg.gal) ou da AS-PG (as-pg.gal). Quizais nunca Lugo gozou de tanta e tan boa oralidade musicada como a que se nos ofrece esta fina de semana!